

CHOVE SOBRE MOLLADO

Vigo-14/4/09

O pasado Mércores, véspera da ponte, os membros da Paritaria de Tempos eramos chamados pola xerarquía de montaxe, para informarnos da implantación dun novo sistema na UEP-15 da M-1 e UEP-55 da M-2, de forma experimental chamado "operación vitrina" importado de Toyota, que consiste en arrimar ó borde de liña, os cambas, cestóns e resto de material, a unha distancia do coche de 80 cm. "E que se trata dun experimento para a mellora dos postos e a calidade"

Neste sentido, a C.I.G., manifestou *que se traslade esta información á próxima reunión da Paritaria, e que quede reflectida en acta, así como que se nos facilite o número de efectivos que desapareceron nas distintas UEPs de montaxe no último ano.* Nesta reunión tamén saíu a problemática dos, recortes, repartos e o "Andón".

Para ser claros, e con independencia do noso estudo en materia de seguridade, isto chámase un aprete máis para "unha futura xustificación " de recortes de tempos que nesta ocasión, para non alarmar, non se convocou formalmente a Paritaria ou o Comité de Empresa, tal e como nós o entendemos.

É tan vergonzoso o que vén ocorrendo cos recortes de tempos, eliminación de postos en diferentes UEPs, que até hai técnicos que son incapaces de darnos argumentos cribles para xustificar o que ultimamente vén sucedendo nesta materia.

Agora presiónannos máis contra as carrocerías, para que os nosos brazos funcionen como autómatas, perdendo así máis espazo vital.

Namentres para os pensadores destas ideas, créanse grandes espazos, con paneis para poder ver a nosa produtividade. Os traballadores/as aínda que se sintan entre a "espada e a parede" todo vale co fin de recortar tempos, eliminar postos, e repartos máis cargados.

Algo serio e preocupante está pasando cos ritmos de traballo nestes últimos meses. Meteron o Andón e :

- 13 minutos da nosa fatiga para "beneficiar a calidade", ¡Mentira!
- Facer uso destes 13 minutos nunha liña non afectaría a outra, ¡Mentira!
- De non facer uso dos 13 minutos ou parte deles sairíase antes para o vestiario, ¡Mentira!
- O Andón está corrompido, e carga con paradas que non o son, ¡Verdade!
- Os autores e defensores séguennos enganando para xustificar novos recortes, ¡Verdade!

A calidade diaria lógrase poñendo os medios necesarios ó servizo dos traballadores/as, que son as persoas que realizan o traballo, para evitar que estean amontoados os coches nos baixos da nave P ou aparcados nos arredores da mesma á espera de ser recuperados por equipos de FIN DE SEMANA.

O evidente, é que este non é o camiño.

Confederación Intersindical Galega